

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

CURSO 2019-20

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1º TRIMESTRE	
Determinar as analoxías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.
Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular
Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica	Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico
Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función	Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes
Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética	Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución	Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos
Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel	Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social	Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética

Comprender e describir o proceso da clonación	Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.
Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía
2º TRIMESTRE	
Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo	Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana.	Interpreta árbores filoxenéticas.
Describir a hominización.	Recoñece e describe as fases da hominización
3º TRIMESTRE	
Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.
Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía	Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.
Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais
Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos.	Identifica as causas dos principais relevos terrestres.
Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da	Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e

interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.

interna

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Os alumnos deberán realizar as tarefas propostas en cada unidade, previa explicación, por parte do profesor, dos contidos principais, coa axuda de imaxes e enlaces a vídeos que faciliten a súa comprensión e que se lles enviará por correo ao alumno ou vía telefónica nos casos na que a conexión sexa deficiente.
	Instrumentos: Corrección das actividades enviadas polos alumnos e devolución das mesmas sinalando os erros acompañados dunhas orientacións para que o alumno dea a resposta correcta e comunique ao profesor as modificacións feitas. Para os alumnos cuxa conectividade sexa deficiente, o profesor daralle as explicacións e resolverá as súas dúbidas así como as correccións das tarefas vía telefónica.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Os alumnos que suspenderan as dúas primeiras avaliacións e non realizaran ningún traballo vía telemática ou telefónica neste trimestre non acadarán o aprobado, o resto do alumnado terá unha cualificación positiva. Esta resultará de facer a media das avaliacións anteriores e o resultado verase incrementado en función do esforzo realizado no terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Proba na que o alumno demostre a aprendizaxe dos contidos mínimos, correspondentes as dúas primeiras avaliacións.
Alumnado de materia pendente NON HAI ALUMNOS PENDENTES	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Tarefas de pensar, investigar e razoar propostas en cada unidade de contidos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Explicación de xeito sinxelo dos contidos principais de cada unidade acompañada de imaxes, vídeos e gráficas segundo corresponda
Materiais e recursos	Apuntes e internet para a visualización de vídeos e a procura de información

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Publicación na páxina web e para os que non teñan conectividade, trasladar a información vía telefónica.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.